

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ORDINARIAS DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS PARA O ANO 2018

NEGOCIACIÓN COLECTIVA

- ✓ Recomendación de axilidade na constitución das mesas negociadoras.
- ✓ Impulso e promoción da negociación colectiva no ámbito da CA de Galicia.
- ✓ Asistencia técnica a mesas de negociación e comisións paritarias.
- ✓ Publicación de todos os acordos marco e convenios colectivos autonómicos que se asinen.
- ✓ Aprobación de cláusulas tipo para incorporar na negociación colectiva.
- ✓ Informes con datos sobre convenios asinados e revisados e outros acerca da situación da negociación colectiva galega, xunto con información sobre ultractividade e inaplicacións rexistradas.
- ✓ Edición dos Boletíns do Observatorio de Negociación Colectiva.
- ✓ Rexistro de convenios e acordos no REGCON.
- ✓ Elaboración pola Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes dun protocolo contra todo tipo de acoso no ámbito do traballo e aprobación e publicación dunha Guía de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva.
- ✓ Desenvolvemento de funcións de mediación e conciliación por parte da presidenta do Consello e do xefe do Servizo de Solución de Conflitos.

AGA:

- ✓ Difusión da publicación do AGA e ofrecemento dos procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo ás empresas e ás súas organizacións; ás organizacións sindicais e ás comisións negociadoras de convenios colectivos.
- ✓ Nova edición de dípticos e carteis informativos.

- ✓ Xornadas de difusión do AGA nas sedes das Confederacións Provinciais de Empresarios de Galicia.
- ✓ Establecer un calendario de xuntanzas da comisión paritaria do Acordo.
- ✓ Revisión do Acordo. Novo texto.
- ✓ Xuntanza informativa cos mediadores e árbitros do AGA no primeiro trimestre do ano.
- ✓ Retomar a proposta do Acordo para solución extraxudicial de conflitos individuais de traballo.

FUNCIÓN CONSULTIVA

- ✓ Emisión de ditames sobre os proxectos normativos que se remitan ao Consello polos órganos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Análise das consideracións manifestadas nos ditames polas organizacións, estudar as aceptadas pola Xunta de Galicia e as non aceptadas e trasladar, de ser o caso, propostas á Secretaría Xeral de Emprego.
- ✓ Recompilación dos ditames emitidos en 2017.

FOMENTO DO DEBATE SOCIAL:

- ✓ Xornadas nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra sobre o tema de protección de datos no ámbito laboral, que se realizarán no mes de abril. Propoñer como posibles datas o día 4 de abril en Lugo, 11 de abril en Ourense, 13 de abril en A Coruña e 18 de abril en Pontevedra.
- ✓ Xornada sobre igualdade de xénero na Coruña o día 4 de outubro para presentar o estudo sobre a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva galega.
- ✓ Xornadas en Ferrol e Vigo no mes de novembro, sobre algún tema de actualidade laboral. Propoñer como posibles datas as do 21 e 28 de novembro, respectivamente.
- ✓ Realización do Encontro Galego de Relacións Laborais. Propoñer como datas posibles os días 25 e 26 de outubro. Propoñer como tema para unha das mesas “A solución de conflitos individuais a través do AGA: conflitos, sedes e perfil das persoas mediadoras para unha experiencia piloto”. Pedir propostas aos interlocutores sociais para o tema central da segunda mesa de debate. Propoñer como invitados ao Encontro e con presenza en cada

mesa aos colectivos seguintes: interlocutores sociais, maxistratura, universidades galegas, colexios de graduados/as e avogados/as, Xunta de Galicia e Inspección de Traballo.

- ✓ Participación do Consello, como colaborador, en foros de debate organizados por asociacións no eido laboral:
 - Congreso internacional sobre *Innovación tecnolóxica e o futuro do traballo: aspectos emerxentes*, en Santiago de Compostela, os días 5 e 6 de abril, organizado pola Comunidade para a Investigación e o Estudo Laboral e Ocupacional (CIELO), que dirixe a profesora Lourdes Mella Méndez.
 - Congreso da Unión Progresista de Inspectores e Inspectoras de Traballo sobre precariedade laboral, en Santiago de Compostela, os días 24 e 25 de maio.
 - XXVIII Congreso Nacional de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, sobre *Descentralización produtiva: novas formas de traballo e organización empresarial*, en Santiago de Compostela, os días 31 de maio e 1 de xuño, organizado pola Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, cuxo secretario é o profesor José María Miranda Boto.
 - Xornadas de Outono, organizadas por Xustiza e Sociedade, no mes de novembro, en Vigo.

ACTIVIDADES FORMATIVAS:

- ✓ Curso sobre negociación laboral, colectiva e individual, de 64 horas lectivas.
- ✓ XXVIII edición do Curso Superior de Relacións Laborais, de 200 horas lectivas.
- ✓ Dous seminarios formativos para cadros empresariais e sindicais, de 12 horas lectivas cada un deles, nos meses de xuño e setembro. Sinalar temas.
- ✓ Nova edición do curso en liña sobre Deseño e aplicación de plans e medidas de igualdade nas empresas.

PUBLICACIÓNS

- ✓ Memoria de actividades do ano 2017.
- ✓ Informe de negociación colectiva do ano 2017.
- ✓ Informe da situación sociolaboral de Galicia nos anos 2016-2017.
- ✓ Boletíns de negociación colectiva e de información sociolaboral.
- ✓ Recopilación de ditames emitidos no ano 2017.
- ✓ Guía de Boas Prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva.
- ✓ Estudo monográfico sobre A evolución dos salarios en Galicia durante a crise económica.
- ✓ Estudo monográfico sobre A aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Revista Galega de Dereito Social. Posibilidade de indexala en repositorios internacionais. Publicación dos números 4 e 5, e dun número extraordinario sobre a solución extraxudicial de conflitos individuais.